



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE MAIO DO 2020.-

ASISTEN:

Sr. Alcalde:

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Sres. Concelleiros:

Dna M^a Victoria Montenegro Paz.

Dna Olimpia Marcos García.

D. José Juan Vilar Rico.

Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dna. Noelia Montero Candal.

Dna. Lucía Blanco García.

D, Luis Cendán Fernández.

D. Emilio Mesías Farías

Dna. Cristina Cadena Freire

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaoto minutos do día vinte e cinco de maio do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez.

ASISTENCIA TELEMÁTICA- VIDEOLLAMADA

D. Marcos Carballo Sarmiento.

D. José Manuel Cendán Fernández

Dna. Josefina Martínez Martínez

Sr. Secretario

D. Manuel Larrosa Rodriguez

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- Aprobación acta da sesión ordinaria do 27-04-2020

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión do día 27-04-2020 o concello pleno por, 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP) e 2 abstencións (2BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto num. 2.- Dar conta do PMP e Morosidade primeiro trimestre 2020.

Dáse conta do informe remitido de data 30 de abril de 2020, que a continuación se transcribe:

DETALLE DEL INFORME PMP

[1]. Ares





Ratio operacións pagadas: 42,50

Importe pagos realizados: 834.840,02 €

Ratio operacións pendentes: 60,00

Importe pagos pendentes: 439.482,04 €

PMP: 48,54

PMP Global:

Importe pagos realizados: 834.840,02 €

Importe pagos pendentes: 439.482,04 €

PMP: 48,54

Pagos realizados durante o primeiro trimestre trimestre:

Dentro do período legal de pago: 507.795,71€

Fóra do período legal de pago: 327.044,31€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:

Dentro do período legal de pago: 315.645,17€

Fóra do período legal de pago: 265.211,85€

O Concello Pleno dáse por enterado

Punto num. 3.- Aprobación se procede a Ordenanza Reguladora da tenencia, defensa e custodia dos animais de compañía.

Dáse conta do informe de secretaría "Ordenanza reguladora da tenencia, defensa e custodia dos animais de compañía" de data 10 de maio de 2020 que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Ordenanza reguladora da tenencia, defensa e custodia dos animais de compañía.

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte INFORME :

CONSIDERACIÓN SUSTANTIVAS

En relación co expediente de aprobación da Ordenanza Reguladora da tenencia, defensa e custodia dos animais de compañía, e en virtude do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos





funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emétese o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable

A lexislación básica aplicable é a seguinte

- Lei 4/2017, do 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.
- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime surcido da tenza de animais potencialmente perigosos.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985 de 2 abril Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

SEGUNDO.- Consideracións Xurídicas

De conformidade co previsto no artigo 84.1 da Lei 7/1985, de 2 e abril "Las Entidades locales podrán intervenir la actividad de los ciudadanos a través de los siguientes medios: a) Ordenanzas y bandos."

É dicir, as Entidades Locais poderán intervir a actividades dos cidadáns para a defensa do interese público, materializándose a intervención, entre outros medios, a través de Ordenanzas e Bandos.

Pola súa banda, a Lei 4/2017 do 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia no seu artigo 5 establece o principio que tódalas administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da mesma e na denuncia ante os órganos competentes de calquera actuación contraria ó disposto na mesma, atribuíndo no artigo 6.1 á alcaldía a seguinte competencia "Competencias de las administraciones en materia de protección animal" :

Se atribúe a las personas titulares de las alcaldías de los ayuntamientos de Galicia la responsabilidad superior en la defensa y protección de los animales incluídos en el ámbito de aplicación de la presente ley en su término municipal.

Se atribúe a las personas titulares de las alcaldías de los ayuntamientos de Galicia la responsabilidad superior en la defensa y protección de los animales incluídos en el ámbito de aplicación de la presente ley en su término municipal.

TERCEIRO.- Con carácter previo á tramitación, hai que ter en conta que deberá haberse realizado o trámite de participación cidadá ao que alude o artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro que establece como trámite previos:

- A consulta previa: Con carácter previo á elaboración do proxecto, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:





- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

- Publicación do proxecto da ordenanza: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte os dereitos e intereses lexítimos das persoas, como é o caso, publicarase o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén solicitarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

A consulta, audiencia e información públicas reguladas no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, deberán realizarse de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realicen achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos no citado artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen. Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro. Si a normativa reguladora do exercicio da iniciativa legislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

CUARTO.- Dado que no presente caso as definicións, abrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía a excepción de determinadas limitacións (comprendías no artigo 3, parágrafo 3 da Ordenanza como por exemplo horario de prohibición en patios, terrazas, galerías ou balcóns, etc.) non suponen un réxime sustancial novo ou imponha máis abrigas relevantes, non se considera necesario que a presente Ordenanza siga o réxime de consulta pública.

QUINTO.- A ordenanza respecto á prohibicións xenéricas, abrigas específicas, definición de infraccións e sancións : leves, graves e moi graves e as súas sancións pecuniarias, graduación, competencia sancionadora, prescrición das infraccións e sancións e caducidade do procedemento sancionador; a presente Ordenanza adecúase á Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Finalmente suliñar que o artigo 36 "Réxime sancionador" da devandita Lei 4/2017, do 3 de outubro establece:





Artículo 36 Régimen sancionador.

1. Contituyen infracción administrativa las acciones y omisiones tipificadas en la presente ley, las cuales serán sancionadas de acuerdo con lo dispuesto en este título.
2. De conformidad con el artículo 27.3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público, las disposiciones reglamentarias de desarrollo podrán introducir especificaciones o graduaciones el cuadro de infracciones o sanciones establecidas en la presente ley que , sin constituir nuevas infracciones o sanciones, ni alterar la naturaleza o los límites de las que esta ley contempla, contribuyan a la más correcta identificación de las conducta o la más precisa determinación de las sanciones correspondientes.
3. 3.- Lo anterior se entiende sin perjuicio de la competencia sancionadora local dentro de los límites impuestos por el necesario respeto al principio de la legalidad.

Por todo iso, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE a aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da Tenencia de Animais de Compañía.

E canto debe informar, sen prexuízo de calquera outra opinión mellor fundada en Dereito.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que tal e como foi a comisión introducimos unha modificación na que perseguimos o control dos animais de compañía especialmente cans a hora do paseo que por lo menos o seu dono teña a obriga de levar consigo líquido e bolsas para manter limpo os espazos urbanos onde os animais poden facer as súas necesidades, foi a comisión e foi ditaminado favorablemente e a incorporación persegue sancionar a quen non cumpra estas obrigas, polo menos se ten a obriga de pasear ao can levando estes dous elementos de hixiene polo menos os usara, senón leva nada é moi difícil que faga algo pero levando a cousa é moito máis doada.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro/a do BNG.

Intervén a Sra. Cadena Freire manifestando que o seu grupo vai a votar de xeito favorable xa que cremos que é una ordenanza moi importante non soamente que este no papel senón que se faga cumprir cada un dos seus puntos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o seu voto tamén vai ser a favor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que o seu voto tamén será favorable.

Sometida a votación a aprobación "Ordenanza reguladora da tenencia, defensa, e custodia dos animais de compañía o concello pleno por unanimidade 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2020 e convalidación de obrigas adquiridas.





Dáse conta do informe de Secretaría “Recoñecemento extraxudicial de crédito nº1/2020 e convalidación de obrigas adquiridas” de data 15 de maio de 2020 que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: Recoñecemento extraxudicial de crédito nº.1/2020 e convalidación de abrigas adquiridas.

Visto o procedemento incoado para o pago de 309.181,33 € con cargo ao orzamento do exercicio en curso, derivados de gastos aprobados en exercicios anteriores ao de 2020, os cales non foron obxecto do oportuno recoñecemento contable, así como de abrigas que non seguiron os esenciais e preceptivos trámites de autorización administrativa, esencialmente os previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que daría lugar a unha fiscalización desfavorable, o funcionario que subscribe emite o seguinte

INFORME:

1.- O principio de anualidade orzamentaria, tamén chamado de especialidade temporal, debe entenderse nun dobre sentido, como de anualidade de aprobación e anualidade de execución, no sentido de que os ingresos e gastos, previstos no mesmo, han de realizarse dentro do período anual.

2.- Así o artigo 163 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse :

Os dereitos liquidados no mesmo, calquera que sexa o período de que deriven.
As abrigas recoñecidas durante o mesmo.
As abrigas recoñecidas durante o exercicio.

3.- Este artigo 163, a diferenza do artigo 34 da Lei Xeral Orzamentaria (Le- 47/2003, de 26 de novembro) atende para a imputación temporal dos gastos, non a criterio do pagamento, senón ao criterio do contraído, é dicir, criterio do momento no que se recoñece ou se liquida a abriga.

4.-Dentro das quebras e, no concernente ao principio de anualidade orzamentaria, temos tres figures distintas:

- a) Os gastos plurianuais.
- b) Os expediente de incorporación de remanentes.
- c) Os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

É precisamente este ultimo suposto o que agora nos ocupa.

5°.- Esta figura que xa vina recollida no artigo 448.3 do Texto Refundido aprobado polo R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, vén regulado actualmente no artigo 23.1 do devandito Texto Legal e no artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e,





aínda que nun principio puidese super unha contradición co artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo eco artigo 47 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) que declara nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a Lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta Lei, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ha declarado en doutrina reiterada, que son de abrigo cumprimento os compromisos adquiridos aínda con infracción de precepto e todo iso baseado no artigo 20 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria que establece que as abrigas económicas do Estado nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito se xeneren, e o propio Código Civil que no seu artigo 1089 enumera entre os actos ou feitos xeradores de abrigas "os actos e omisións ilícitos ou en que interveñan culpa ou negligencia".

O feito de non recoñecer as abrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría lugar tamén a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa para a Administración.

Todo iso sen prexuízo da responsabilidade de carácter civil, penal ou disciplinaria a que fai referencia o artigo 175 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria.

6.- Unha vez finalizado o exercicio orzamentario de 2019, figuran novamente créditos por valor de 309.181,33, que non foron recoñecidos nos exercicios correspondentes ao carácter de crédito orzamentario, por tanto, a única solución posible para solucionar este problema é acudir ás previsións legais mencionadas anteriormente e aprobar o recoñecemento en base ao artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

7.- A maior parte das obrigas derivadas das factures obxecto de recoñecemento e convalidación poderían ser obxecto de tramitación mediante a fiura de contrato menor previsto na LEI 9/2017, DE 8 DE NOVIEMBRE, DE Contratos do Sector Público, que unicamente require da aprobación do gasto e posterior recoñecemento da obrigación, sen necesidade de formalización de contrato administrativo, tal como despréndese de dita figura prevista na citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, avalada pola interpretación que efectúa a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda-Dirección Xeral do Patrimonio do Estado-no informe nº40/95, de 7 de marzo de 1996 "Contratos menores"

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que todos os anos por estas datas facemos un recoñecemento extraxudicial de crédito para todas aquelas obrigas que ou ben quedaron sen partida ou ben presentáronse para o cobro nunha data moi próxima ao do peche do exercicio e en consecuencia non puideron ser pagados por unhas destas dúas razóns, non había xa partida porque estaba esgotada ou ben porque non dou tempo a aprobar a factura pola proximidade da data de peche do servizo.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non escoita nada.

Arranxado o problema de son continúa coa súa intervención o Sr. Mesías Farías sinalando que imos a aprobar a liquidación do exercicio 2019 cun informe do 20 de abril e aquí vense a presentar o recoñecemento extraxudicial con informe de 15 de maio ou sexa, menos dun mes





que de dar por liquidado o exercicio veñen sen contabilizar 309.181,33€, están sen contabilizar porque non se seguiron os trámites de autorización administrativa de Contratos do Sector Público que daría lugar a unha fiscalización desfavorable, esta desviación orzamentaria debía de quedar na liquidación orzamentaria do 2019 pero eu creo que se ocultou deliberadamente para dalgunha maneira pasar por alto a situación real do endebedamento da financeira entón, moitas das facturas son créditos que deberían estar repoñidos no orzamento, non hai unha variación porque xa se saben que son todos os anos tales como contratos de enerxía eléctrica, EMAFESA, axuda no fogar, convenios con entidades locais club náutico por exemplo, e obras que non se poderían sen o correspondente expediente o que quero dicir é que estes pagos xa se saben que van ser, non é ningunha cousa nova e despois hai facturación que poderíase pagar sen problema a cargo de gastos da alcaldía non. Hai algunhas facturas que tamén chaman a atención entón aquí, a base de todo isto creo que debíamos facer os servizos técnicos, os servizos económicos deben de facer un traballo máis concreto durante todo o ano para que non haxa que facer esta operación de crédito.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que sabemos que isto é unha operación administrativa, orzamentase os gastos que se vai ter durante o ano, estas operacións sempre se fixeron pero a min o que si me chama a atención, non sei si o secretario fixo informe, no informe di "tamén é de significar que gran parte das obrigas a recoñecer pertencen aos servizos de tracto sucesivo que por diversas causas quedaron sen consignación orzamentaria como son as correspondentes a suministro eléctricos por parte de NATURGY-COMERCIALIZADORA" quero dicir, que as facturas que viñeron a este expediente de recoñecemento son 217 e de electricidade 94, quero dicir, que hai 123 facturas que non están dentro do que o secretario di no seu informe que son case todas as da luz. Eu creo que hai que ser un pouco máis coherente e chámame a atención, porque cando eu vexo o informe do secretario digo son todas as facturas de electricidade pero cando me poño a miralas unha a unha son 217 facturas e 94 son da luz e o resto 213 eu creo que non se concretan as cousas e cando se fan os informes hai que aclaralo mellor, nós estamos na oposición non nos comprometemos ao gasto nin a nada, vosoutros os comprometestes entón nós imos a votar en contra.

Sometida a votación a aprobación o "Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2020 e convalidación de obrigas adquiridas" o concello pleno por, 8 votos a favor (7 PSDG-PSOE, 1 NAL) e 5 en contra (3PP e 2BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 5.- POS + 2020 adicional 1 e 2.

Dáse conta da circular remitida pola Deputación da Coruña en relación ao POS + 2020 ADICIONAL 1 E 2 que a continuación se transcribe:

**CIRCULAR SOBRE A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES
REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E
SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020" PARA REGULAR O
POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS
DO COVID-19 E O POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTO
CORRENTE/INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**





**CIRCULAR ESPECIFICA RELATIVA AO POS+ADICIONAL 2/2020
PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE
SOSTIBLES**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia.

O texto íntegro das Bases figura na páxina web desta deputación, e proximamente vaise publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Esta Circular retírese especificamente ao POS+AD 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

O importe da achega provincial destinada ao financiamento deste Plan ascende a 15.000.000,00 € que se distribuen entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1. O importe da achega provincial asignada a ese concello é o seguinte:

CONCELLO	Asignación POS+ AD 2/2020 para gastos correntes e/ou investimentos
Ares	85.827,46

Esta achega provincial por importe de 15.000.000,00 € vaise consignar no orzamento provincial 2020 a través dun expediente de modificación de créditos. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial 2020 para o seu financiamento. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+2020, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles ou aos dous:

Gastos correntes do concello de todo o ano 2020, segundo se definen na Base 2.2 e concordantes.





Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.3 e concordantes. O concello poderá solicitar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+AD2/2020 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2020 (opción recomendada porque simplifica a tramitación), aínda que tamén pode solicitar outros novas investimentos financeiramente sostibles.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta Deputación, desde o 11 de maio de 2020 ata as 15.00 horas do 29 de maio de 2020, salvo que o concello solicite novas investimentos non previstos no Plan Complementario, en cuxo caso para estes investimentos novos o prazo sería ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2020. Non obstante, dada a situación excepcional na que nos atopamos, estes prazos poderían ampliarse mediante Resolución da Presidencia.

A plataforma SUBTEL do POS+AD2 2020 ten as seguintes 3 convocatorias:

POS+AD2-SOLICITUDE 2020 <ul style="list-style-type: none">• Obrigatoria• Anexo XIX	- Anexo XIX: Certificación do acordo de solicitude.
POS+AD2-GASTO CORRENTE 2020 Voluntaria Anexo IV	- Anexo IV: 1 nforme da Intervención ou Secretaría-Intervención coa previsión para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.
POS+AD2-0BRASSUM 2020 Voluntaria <ul style="list-style-type: none">• Anexo XX ou Anexos V-VI-VII-VIII (IX -X)	Deberá realizarse unha solicitude por cada investimento. *Se se trata de investimentos financeiramente sostibles xa nrevistos no Plan Complementario ao POS+ 2020 deberá presentar o seguinte documento: - Anexo XX: Declaración de alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos que os que figuran no Plan Complementario *Se se trata de <u>novas investimentos</u> financeiramente sostibles deberá presentar os seguintes documentos: - Proxecto técnico da obra ou prego da subministración - Anexo V: Informe técnico sobre o investimento - Anexo VI: Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terre - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención Cando proceda, deberán subirse ademais os seguintes anexos: - Anexo IX: Certificación da Resolución/Acordo de non dividir en lotes o investimento - Anexo X: Informe da secretaria sobre os investimentos relativos ao ciclo da auga

Para calquera dúbida ou aclaración administrativa poden enviar un correo electrónico ao Servizo de Xestión de Plans desta deputación, xestion.plans@dacoruna.ga1.
Para dúbidas informáticas poden dirixirse ao Centro de atención aos usuarios desta deputación, soporte@dacoruna.gal





O presidente

Valentín González Formoso

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, ninguén quere intervir polo tanto somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación o “POS + 2020 adicional 1 e 2” o concello pleno por unanimidade 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto num. 6.- Dar conta das resolución adoptadas pola Alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto num. 7.- Mocións-Propostas.

MOCIÓN SOBRE APOIO Á LINGUA GALEGA E A PLURALIDADE INFORMATIVA

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal BNG “Apoio á Lingua Galega e a Pluralidade Informativa” de data 18 de Maio que a continuación se transcribe;

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCIÓN SOBRE O APOIO Á LINGUA GALEGA E A PLURALIDADE INFORMATIVA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte celebramos, de maneira atípica, a efeméride das Letras Galegas. O 17 de Maio é a data máis importante do ano para celebrar a nosa llingua e homenaxear a persoas vencelladas coa defensa e promoción do galego, ademáis de ser a máis idónea para tomar a temperatura do seu uso na sociedade e nos medios de comunicación, principalmente.

Se ben o uso do galego é moi mellorable no noso concello, debido á baixa porcentaxe entre a súa veciñanza e nomeadamente entre as crianzas e a mocidade, cómpre facer un esforzo tamén na pesenza da pluralidade informativa dos medios de comunicación que divulga o Concello de Ares, con tres cabeceiras diarias distintas e ningunha en Galego

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal





a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que o Concello de Ares elabore medidas destinadas á promoción e uso do galego entre a veciñanza.

2. Que o Concello de Ares apoie e divulgue a presenza do noso idioma no día a día, mediante a suscripción a un xornal en galego, para posibilitar a lectura á veciñanza en igualdade de condicións que o fai cos medios en castelán.

En Ares, a 18 de Maio de 2020.

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares)

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción xa foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de cultura e polo tanto ten a palabra o voceiro do BNG para explicar o petitum.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que esta moción xa se tratou como di o Sr. Alcalde na comisión de cultura habendo unha posición favorable por parte do goberno e do PP, en todo caso agradecemos os votos favorables e simplemente vou a dar lectura aos puntos do acordo que xa se tratou;

1. Que o Concello de Ares elabore medidas destinadas á promoción e uso do galego entre a veciñanza.
2. Que o Concello de Ares apoie e divulgue a presenza do noso idioma no día a día, mediante a suscripción a un xornal en galego, para posibilitar a lectura á veciñanza en igualdade de condicións que o fai cos medios en castelán”

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando ao Sr. Mesías Farías, que periódicos hai en Galicia agora mesmo con tirade autonómica que escriban diariamente en galego.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que NÓS.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que iso máis é unha revista de información pero periodico periodico non é.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é un xornal.

Responde o Sr. José Manuel Cendán sinalando que o que quere saber é si hai outro.





Intervén o Sr. Alcalde dicindo que algún mais hai pero son peores que este.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que non hai mais de tirade diaria.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que é dixital.

Intervén o Sr. Mesías Farías respondendo ao voceiro do PP, manifesta que na moción non se cita a ningunha empresa porque desgraciadamente só hai un xornal en galego con tirade diaria e martes a sábado, desgraciadamente só hai un, nós podíamos poñer aquí a petición da subscrición ao xornal NÓS que é así como se chama pero nós entendemos que o importante non é a empresa senón que é o traballo que fai a empresa que é un xornal en galego, é por iso polo que a moción vai así sen dicir o nome do xornal, loxicamente é o único xornal que hai e nós polo tanto o único que pedimos é a subscrición a ese xornal porque non hai outra alternativa.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que iso é o que quería saber, si hai algún máis eu quería que contestaras a iso nada máis, se soamente hai un pois nada, nós imos a votar a favor.

Sometida a votación a aprobación a “MOCIÓN SOBRE O APOIO Á LINGUA GALEGA E A PLURALIDADE INFORMATIVA” o concello pleno por unanimidade 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2BNG) acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai.

Punto num. 8.- Rogos e Preguntas

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández formulando a primeira pregunta sobre a resolución 132/20 “trámite de audiencia clausura establecemento” refírese ao hotel que xa o mencionaches na comisión do COVID-19 en canto a situación do hotel Villa de Ares queríamos que nos explicaras cal é a situación actual e que medidas vansen a tomar. A segunda pregunta xa o falamos varias veces na comisión do COVID-19 pero nunca quedou claro, queríamos que por parte do interventor se fixera unha valoración de canto podíamos ter dispoñible para o COVID-19 por parte de tesourería, queríamos saber unha cantidade porque queremos facer as





nosas propostas e queremos saber con canto podemos contar, creo que iso é fundamental que se saiba con canto imos a contar.

A terceira pregunta é en relación as noticias que saíron este fin de semana, nos xornais vense falando moito do tema das praias, cal é a idea que ten pensado o goberno municipal de facer nas praias municipais, tivemos ofertas de todo tipo por parte do Alcalde e nós queremos saber si tedes algunha idea de cómo imos a acometer este tema porque xa ven bo tempo.

Responde o Sr. Alcalde a pregunta sobre a situación actual do hotel Villa de Ares, eu falei co propietario sobre este tema como mínimo vinte veces, explíqueille a situación sobre todo porque ten una denuncia ante a Delegación do Goberno por unha cea-baile, a partir de aí a Garda Civil visita o local coa finalidade de valorar a situación e lle pide a licenza para saber a apertura horaria, non ten a licenza e a Garda Civil remite o expediente ao concello e nos pide a licenza para saber a que hora tiña que pechar, a partir de aí intentamos que conclúa o expediente traendo una serie de documentación e de momento non conseguimos nada entón, pois é una situación complicada. A licenza que ten Casa Nova tampouco está rematada, e a licenza que está no hostel e na cafetería tampouco está rematada entón, pois non sei que é o que vai a facer, os prazos transcorren e nestes momentos é imposible hai unha denuncia da Guarda Civil pois nestes momentos é imposible outra solución diferente a conclusión dos expedientes e ao cumprimento de todos os requisitos, el fala de pedir una licenza que lle ampare a celebración de banquetes, ceas con música, pero non presenta nada, no hotel tampouco presenta nada e no Casa Nova ide a ver como está a porta, en que sentido abre, si abres a porta xa ves que non cumpre lle dis algo e che di cando veña Benito a quito e cando se vaia a volvo a poñer, pois claro Benito con razón non traga con eses temas, entón iso en Venezuela como lle dixemos mais dunha vez, pero non está en Venezuela entón efectivamente é un tema complicado porque nos tememos que non vai a presentar nada entón o resultado é o peche, en consecuencia o hotel e o restaurante do hotel ou o café-bar porque non sabemos o que ten porque non ten nada, e o seguinte é que a Casa Nova ten que cumprir dunha vez non podemos estar esperando a que nos diga cando imos a visitalo que ese día quita o que ten mal e cando se vai o volvo a poñer, é un problema moi gordo porque canto máis esforzo didáctico e pedagóxico sae de aquí convencido e eu non sei con quen fala, porque con alguén fala porque ao minuto volvo a chamar e di o mesmo, entón alguén o asesora mal, a miña percepción é que quen lle leva os papeis lle engana.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que iso é condición humana o leva na sangre.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que aparte da condición humana que é moi difícil de convencerlo e de falar con el, chega un momento que cando vese desarmado che da a razón, porque el dáme a razón vinte veces pero cando chega a onde ten que facer os papeis eu creo que no se dá non llos fixo e polo tanto agora os ten que cobrar depende porque si no seu día non os fixeron os teñen que pagar agora non pode acusar a ningún profesional dicindo como ti me levaches isto e agora tes que facerme isto gratis entón unha de dous, ou nunca llo fixeron e por tanto os ten que volver a pagar ou llos fixeron mal e quen os fixo mal non lle quere recoñecer que está mal e lle di que está todo ben, porque ten un sentimento profesional que lle impide





recoñecer os sus erros, eu o ignoro non se si hai un erro por parte de quen levou os temas e non o quere recoñecer, asumir ese erro, e lle di que todo está ben non fagas caso ou o propietario minte, porque non encargou o que tiña que encargar ou non o pagou e agora o ten que encargar e pagar e seguro que o propietario non o quere pagar, e non lle quere pagar os documentos que faltan, ou llos pagou fai tempo e lle está a dicir o fixeches mal e lle están a dicir que está ben, só hai esas dúas explicacións eu inclínome pola primeira, que non quere pagar, porque un profesional se cobra un traballo e está mal non o cobra, eu creo que isto cae de queixón porque si o cobrou arreglacho entón eu creo que é el que non quere pagar e punto, entón pois é un grave problema porque vai ser complicado, vai ser moi complicado de resolver pero a estas alturas imaxinarvos que hai un incendio, hai outra denuncia da Garda Civil que hai alguén nunha cea-baile e se mata porque ía un pouco bebido e se corta a cabeza alí nun sitio onde non tiña que estar a esa hora e menos con música, imaxinarvos que pasa calquera cousa como xa lle paso algunha vez, lle ardeu un barco que non tiña seguro entón que explicamos dende o concello que nos dou igual, porque antes podíamos dicir que ignorábamos boa parte da realidade de Casa Nova pero ao presentar aquí a Garda Civil cal é a licenza e o horario non a atopamos por ningún lado e descubrimos que ese expediente non se tramitou, quedou ancorado no ano 20003/2004 en ninguén o volveu a mover ata que agora o rescatamos e dixemos, pero se non ten licenza entón agora pois efectivamente esta é a situación que temos que corrixir porque non se pode ter un negocio así.

En canto o orzamento COVID-19 estamos facendo unha valoración de todo o impacto que o COVID-19 ten mais contas, non só é o que imos a deixar de recadar pola crise senón tamén o que imos a deixar de recadar, porque imos a facer xestión fiscal, política fiscal favorable aos dignificados senón que o orzamento de servizos sociais tamén aumenta considerablemente de trinta familias as que regularmente se lles viña prestando apoio, xa son sesenta, xa é o dobre entón o impacto é importante, non só hai que ter en conta o que imos a destinar a axuda directa senón tamén o que vai a aumentar o orzamento de servizos sociais. Canto podemos destinar a axuda directa, pois si barallamos unha cota de autónomo e si os autónomos son 280 pois multiplica unha cota por 280, aí xa sae unha posible cantidade do que estamos falando de pagarlles unha cota pois si son 280 por unha cota aí xa temos a axuda directa, logo non lles imos a cobrar as terrazas pois haberá que ver o que lles cobramos de terraza ata agora anualmente e multiplicado por 1,5 ou por 2 porque as terrazas este ano que non as imos a cobrar son o dobre de grandes e montando máis bares que non a montaban nunca, entón si eran 14000€ o 15000€ este ano serán 20000€ ou 22000€ porque montan bares terrazas que nunca a tiveron polo tanto, nunca a pagaron e os que a montan é moito máis grande co que este ano sería moito máis caro.

O lixo, pois tamén hai que medir o impacto non sei cantos recibos son aínda porque algúns están como domésticos pero aí tamén hai un impacto devaluable do que imos a deixar de recadar e o que está gastando demais servizos sociais e o propio concello, tivemos que comprar mascarallas homologadas para os traballadores que están na rúa, guantes, hipoclorito, virucida é dicir efectivamente se nos disparou o orzamento en servizos pois ben, efectivamente aínda estamos avaliando todo iso, o estamos sumando aínda, porque o temos que sumar porque nos autorizaron gastar con cargo ao remanente o que teña que ver co COVID-19 entón





temos que avaliar o que ten que ver co COVID-19 para metelo no remanente ou sexa que iso vaise a saber, é unha das operacións máis necesarios pero aínda estamos con ela porque moitas compras que fixemos nos serviron o material pero as facturas aínda están aí, ou ben as presentaron a través da aplicación ou ben aínda non as presentaron entón, seguimos con ese tema e vaise a saber o que pasa é que neste momento son cantidades aproximadas.

No tema das praias dado a fisionomía que ten Ares pois é mi difícil proceder a un control da zona de maneira directa é dicir, cita previa e control nas entradas das praias. O cálculo para medir o aforo é un cálculo que xa ven dado, unha persoa por catro metros cadrados e no cálculo do aforo total da praia hai que descontar seis metros de praia dende a liña de preamar é dicir ten tela o tema, ten moita tela. Na liña de marea alta conta seis metros cara arriba e iso queda fora do cómputo da zona ou sexa con marea alta na praia grande de Ares non hai aforo, porque desde a subida de preamar os seis metros dan ao muro, ou sexa con marea alta cero aforo, explícallo ti a xente entón, desde a liña de preamar para arriba seis metros eu creo que en Madrid non saben que sube ou baixa a marea en Galiza ou que sube tanto e que baixa tanto, se creen que é o Mediterráneo que a liña de preamar é máis ou menos estable e seguen sendo seis metros de praia aquí deben descoñecer lagarteiras, mareas de lúa chea entón, dende a liña de preamar seis metros non hai aforo e no resto unha persoa por catro metros cadrados pero é que ademais é de obrigado cumprimento, o que te deixan a ti ou a Xunta de maneira opcional libre discrecional é o control para cumprir esa finalidade é dicir, nos acaban de facer unha directiva comunitaria onde para cumprir os obxectivos lles deixan os medios a elixir por parte efectivamente das entidades locais e das Comunidades Autónomas é dicir, isto é una directiva é unha persoa por catro metros e con preamar non hai aforo, agora ti elixe os medios para cumprir o obxectivo entón, unha vez que a nós non deron os medios a Xunta xa se desentende dixo, ofrezoo unha aplicación, non ofrezoo nada máis que é a que se fai nas catedrais que ten a característica fundamental de que se entra por un sitio e se sae polo mesmo. A FEGAMP é dicir todos os nosos concellos do BNG, PP, PSOE xa dixeron que nin de coña, que esa aplicación nin de coña, a Xunta xa dixo que é un tema municipal entón que nolo deixan a nós pero nos dan un instrumento na normativa que se publicou este fin de semana só hai un instrumento hábil para intentar controlar o aforo, nos dan aos concellos toda a competencia aínda que sexa competencia autonómica, costas é dicir todas as competencias de regular o aparcadoiro, a única maneira de controlar o aforo é controlando o aparcadoiro se a praia de Chanteiro ten determinado aforo sabendo que en cada coche pode ir dunha persoa a cinco está claro que temos que limitar o aparcadoiro porque aos do pobo non os imos a enfastiar, o ir a praia a pé ten que ser un premio e os que van a pé son os do pobo os de Chanteiro a praia van a pé, os de Ares imos en coche e os de Ferrol tamén, que un de Ares decide ir a praia a pé pois mellor, os accesos a pé non se deben castigar e en bus tampouco, o bus que ven cargado de xente para a praia debe ser premiado porque veñen en transporte colectivo entón, o que si ten que ser restrinxido, controlado e penalizado é o acceso de un vehículo particular limitándolle os aparcadoiros, como o podíamos facer, ben pos hai una posibilidade salvando os que veñen a pé poden ir cando queiran para os que xa reservamos a metade do aforo das praias a outra metade ten que descargar un código QR identificando o vehículo e hai tantos códigos QR por praia e onde non haxa códigos QR a praia non se vai e por tanto se limita o aparcadoiro e o que aparque sen código QR se mete na aplicación a matrícula do coche e unha





multa é a única opción que hai, limitar os aparcadoiros, sen limitar os aparcadoiros é imposible e podemos limitados de dúas maneiras, poñerlle vaías que nolas quitan , poñendo cintas que no quitan ou poñendo a policía todo o día, descargase un código QR a policía vai e senón teñen un código QR denunciado automaticamente é a única maneira que nos da a normativa co obxectivo de controlar o aforo nos da potestade para limitar o aparcadoiro e non podemos partir da base de que os de Ares non vaian a praia e polo tanto sacar códigos QR para os de fora, a metade ten que ser para a xente de Ares e vai sen código QR de maneira libre pero para aparcarse nun aparcadoiro público hai que te un código QR e para Chanteiro só vimos a dar un terzo e para Seselle un terzo do aforo do aparcadoiro e para o Raso un terzo, e para aparcarse nas rúas nin de broma e só vimos a dar o que imos a dar e imos a limitar o aforo para que non veñan en coche co que da praia van a disfrutar os veciños de Ares, van a poder ir de maneira libre, e a única maneira que hai e para iso a estamos esbozando aínda encima hai que pensala en profundidade e non hai outra posibilidade, a única posibilidade e poder aos policías a contar a xente e cando se cumpra o aforo votala.

Intervén a Sra. Cadena Freire sinalando que no caso de Redes é o aparcadoiro da aldea e da praia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que estamos a falar de ir a praia, ti vives en Redes cando metemos na aplicación a túa matrícula na aplicación xa vemos que eres de Redes.

Toma a palabra a Sra, Cadena Freire dicindo que a maioría da xente non vive todo ano en Redes.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que terán que vir ao concello a incluír o seu coche no código QR evidentemente o padrón non vai a ser o imposto de matriculación sabemos que moita xente ven a pasar o verán e paga o imposto en Madrid pero a eses teremos que darlles dúas semanas para que nos faciliten as súas matrículas entón, que teremos que facer, calcular o aparcadoiro de Redes para os veciños é o que temos que facer e en consecuencia non hai ningunha outra posibilidade de controlar o aforo, imos a controlar o aforo a praia e cando este chea non deixamos máis e lles dicimos aos de Ares ou Redes que non poden ir a praia, llo diremos aos que veñen en coche de fora soamente imos a limitar aos que veñen en coche lles diremos non veñas que non hai códigos QR para o día 21 os códigos QR están esgotados non veñas porque si ves vante a multar é a única maneira que hai.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor



